

Un movemento para impulsar o cumprimento da meta 4.7 dos ODS

“O Movemento 4.7, que convoca institucións, ONG, movementos da cidadanía, plataformas, redes, sindicatos e o ámbito educativo en xeral para promover estratexias e oportunidades de concreción específicas para o logro da meta 4.7 en España”

Neste momento histórico no que vivimos, cun sistema social baseado nun modelo de vida económica e ecoloxicamente insostible, a educación é, ademais dun dereito humano fundamental, unha das chaves para dar resposta ás profundas crises que experimentan as sociedades de todo o planeta e xerar alternativas de vida e desenvolvemento.

Así o entende a comunidade internacional e así o expresa a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable (ODS) aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015. Dentro do amplo ámbito de acción da Axenda, establécese un obxectivo específico para a educación. É o ODS.4 Educación de calidade. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida, desagregado en 17 metas para dar resposta aos retos educativos globais.

Deste xeito, a Axenda reconece explicitamente a educación como elemento fundamental de desenvolvemento e remarca o seu enfoque transformador. Por iso, na súa meta 4.7, fai un chamamento para, de aquí a 2030, asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sustentable, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida sustentables, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non-violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sustentable.

A inclusión explícita destes elementos non se limita ao currículo e ás prácticas de ensino, senón que se require tamén nas políticas nacionais de educación, nos contidos dos plans de estudo, na formación de docentes e na avaliación do alumnado.

Cunha ollada global, a obriga de dar cumprimento aos ODS e ás súas metas non só implica ós gobernos, que teñen que convertelos en guías para a súa política pública social, económica e educativa, senón que tamén interpela a unha ampla diversidade de actores (tanto privados como da sociedade civil) e, en concreto, obriga a toda a comunidade educativa a exercer as nosas responsabilidades á hora de promover un desenvolvemento sustentable para o planeta e para as persoas.

Con ese espírito fórmase o [Movemento 4.7](#), que convoca institucións, ONG, movementos da cidadanía, plataformas, redes, sindicatos e o ámbito educativo en xeral para promover estratexias e oportunidades de concreción específicas para o logro da meta 4.7 en España. En concreto, fai un chamamento ao Goberno de España (en parti-cular aos ministerios de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e de Educación e Formación Profesional), ao Congreso dos Deputados e ás Consellarías de Educación e de imple-mentación da Axenda 2030 a nivel autonómico e local, para impulsar o cumprimento da Meta 4.7 en colaboración coas organizacións da sociedade civil que xa contribúen a atinxila. Xa son máis de 15 as entidades que forman parte do Movemento.

No seu manifesto de adhesión reconece que existen marcos para a acción colectiva, tales como a Estratexia para o Desenvolvemento Sustentable e a aplicación da LOMLOE. E por iso, sería preciso desenvolver un **Plan Estatal de Educación para o De-senvolvemento Sustentable** a máis tardar no 2023. Para orientar esta estratexia espa-ñola, cómpre establecer un grupo de múltiples partes interesadas coa experiencia pertinente. Os entes estatais, autonómicos e locais teñen un rol que desempeñar no logro da meta 4.7 dos ODS.



No devandito manifesto, reconécese 5 ámbitos de oportunidade para cumprir coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía.



Educación transformadora para a 4.7

A meta 4.7 reflicte a capacidade de transformación que ten a educación cando se orienta á promoción da cidadanía mundial, o desenvolvemento sustentable, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a paz e a apreciación da diversidade cultural. Para logralo, cómpre mellorar os coñecementos e habilidades do profesorado en cada un destes eidos transformadores. Para que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para un desenvolvemento sustentable, o profesorado tamén debe adquirilos, ademais de aprender a ensinar eses coñecementos. Isto conséguese orientando a formación do profesorado, tanto a formación continua como a formación inicial na universidade.

Cooperación intersectorial

O ámbito e a ambición da meta 4.7 require asociacións multinivel e intersectoriais para atinxir o seu cumprimento. Requírese reunir e pór en diálogo ao Goberno estatal con gobernos autonómicos e locais para mellorar a cooperación e a coordinación a nivel estatal, autonómica e local e en diferentes áreas políticas.

Indicadores para a 4.7

Medir o progreso da meta 4.7 é un desafío debido á súa natureza multidimensional e ao feito de que existan diferentes modos de interpretala a nivel mundial, estatal e subestatal, así como entre as diversas partes interesadas. O Movemento 4.7 insta a quen, a nivel estatal, autonómico e local, participan na implementación da meta 4.7 a que traballen cos marcos de monitorización relevantes existentes como punto de partida no desenvolvemento de enfoques locais.

Competencias para lograr a 4.7

A aprendizaxe, a participación e a reflexión crítica, e o uso de habilidades e comprensión cognitivas, afectivas e condutuais, son competencias vinculadas á meta 4.7 e permiten que as persoas desempeñen un papel activo na transformación da sociedade a nivel mundial, estatal e local. Urxe identificar e desenvolver os marcos de competencia xa existentes e complementar outras competencias transformadoras que son necesarias para apoiar a sustentabilidade, incluído o manexo da incerteza, a transformación de relacións de poder desiguais e o establecemento dunha sociedade inclusiva e democrática.

Recursos para a 4.7

Xa que cumprir coa meta 4.7 é fundamental para lograr unha implementación máis ampla da Axenda 2030, é preciso garantir recursos abondos para a súa implementación efectiva. En España, para 2023, deben deseñarse estratexias de financiamento coherentes e plurianuais, e asumir o compromiso de destinar o 6 % do PIB a educación, tal e como recomendan tanto a OCDE como a UNESCO. Ademais, nos orzamentos do Ministerio de Asuntos Exteriores, a Educación para a Cidadanía debe supor cando menos o 3 % da AOD, máis outros fondos relevantes de, por exemplo, os orzamentos dos ministerios de Igualdade e de Transición Ecolóxica.

Cada vez son máis as persoas e os grupos comprometidos co logro da meta 4.7, esixindo aos suxeitos de obrigas o seu cumprimento e tamén buscando novas formas de educar que capaciten para vivir alternativas. O Movemento 4.7 quere convidar o resto da sociedade a sumarse a ese labor, a camiñar complementariamente cara a ese futuro, e a cumprir cos obxectivos de desenvolvemento da Axenda 2030 en materia de educación.

Porque esa meta non é unha utopía, senón que é posible...

